

ALÍ (Nicolás López Costas, 2º ESO)

O meu nome é Alí, teño doce anos e vivo en Afganistán.É moi cedo, e alguén bate violentamente a porta. Todos nós estamos aterrados. Os disparos non se tiñan interrompido ata as catro da mañá.

Hai moito tempo que a cidade é bombardeada, temos que baixar ó soto. Xa forma parte da nosa vida.

Era o meu tío Mohamed, aínda levaba posto o seu pixama.

- Veño... para saber de vós. ¿ vai todo ben?, non vos decatáchedes?, ¿teñen tomada a cidade!

- Non sabemos nada- contestou o meu pai- pero xa vimos a bandeira branca, a bandeira dos talibáns.

Antes de que chegaran os talibáns, a miña nai traballaba varrendo os chans dos ricos, o meu pai tiña unha tenda e a miña irmá Sarah ía á escola.

Agora o meu pai perdeu a tenda, a miña nai e mais a miña irmá non poden saír da casa.

Dende que chegaron os talibáns, non volvín ver sorrir á miña nai e aínda menos á miña irmá Sarah.

En cada casa hai unha historia semellante, en todas as familias falta algún membro.

A vida de cada un reflexa o aspecto da traxedia. Víctimas dunha guerra. As nais ocultan as súas fillas por medo a que as leven, hai tamén casos nos que os talibáns irrompen nas casas levando as nenas diante dos ollos dos seus pais, sen que poidan facer nada.

Só queda a tristura, non hai ningún motivo para a alegría. Non hai máis remedio que resignarse ó que nos está a acontecer.

O meu tío Mohamed tiñase mudado doutra vila, pois se cabe era máis perigosa cá cidade. Agora vive a poucos metros da nosa casa. Achégome ao meu pai que está a falar co meu tío, e oín que dicía:

-¿ Pero por que eles voltaron?

- O certo é que nunca se foron- dixo - Algúns agacháronse nas montañas da fronteira con Afganistán, outros nas súas cidades e aldeas.

A miña nai dixo:

- Vivimos baixo a sombra dos talibáns.

Eu non era ningún experto, pero era evidente que a miña nai odiaba os talibáns, dende que queimaran a casa da súa irmá. Nunca fala diso, dicía que o mellor era nin tan sequera pensalo, para que non nos fixera máis dano, había que seguir loitando por sobrevivir.

A miña nai fora moi fermosa tempo atrás, isto foi o que me contou o meu pai, pero logo viñeron as sombras, como di ela. Eu son só un neno, pero xa me decatara de que a nosa vida non era sinxela.

Dende hai moito tempo era igual para min, pois non coñecía outra cousa. Faime moi feliz pensar que unha vez foi diferente. O meu país é un lugar moi difícil, sobre todo se es pobre. Diante da miña casa vin tres Land Cruisers rodeados por unhaquincena de gardas armados. Dous deles estaban no lado oposto da rúa que daba á casa, había máis fronte e detrás dos vehículos, e os demais rodeaban a un home alto. Pensei que estaba a ser arrestado, ou ía comezar un tiroteo.

- Tes que ser máis coidadoso- dixo o meu pai- Non é bo que nos vexan, pode traer problemas.

-Fareino. Prométocho, perdoa - respondín.

Pechei amodo a fiestra, para non facer ruído, e que os gardas escoitaran que había xente ollando.

A miña nai contoume, que cando os talibáns chegaron marchando dende o sur para apropiarse de Kabul, foron recibidos como salvadores. Impúxose a orde, e a xente estaba leda, pero despois impedían que as mulleres puideran traballar, non permitían que as nenas puideran ir á escola, recorrían as rúas mallando na xente, encarceraban os homes de barba curta, prohibían os papagaios e a música.

- ¿Como chegaron a gobernar Afganistán se eran tan malos?- preguntei.

- Mediante o medo- contestou.

- Ofrecían á xente un nivel de vida. A pesar das promesas, esta cidade naufragou cos talibáns. A comida era escasa, a auga limpa era mínima, había menos traballo. O goberno era unha catástrofe.

-¿É que fixeron eles despois?

-Cando os prezos dos alimentos subiron e as condicións baixaban tanto que nin ollabamos o sol, o ministro do planeamento dos talibáns, díxolle ao mundo que non necesitabamos axuda internacional porque os musulmáns cremos que Alá nos alimentará.

Hai días que non cruzamos a ponte para ir rezar á mesquita, para os afgáns é moi importante rezar as nosas pregarías, é demasiado perigoso, o meu pai axeitou un lugar na casa en dirección á Meca e rezamos alí.

Un día preguntei ao meu pai:

-¿Por que os talibáns atacan os afgáns?.

Non soubo darme unha razón concreta, creo que nin el o sabía.

A semana seguinte da visita do meu tío Mohamed, voltei a asomarme pola fiestra e puíden ollar que a neve tiña chegado en grandes capas.

Nas rúas había máis homes con pas que con fusís, había que despexar os tellados para impedir que se derrubaran polo peso da neve.

Despois de seis meses desta vida estúpida, sen poder saír da casa, sen poder ir á escola, seis meses da miña vida perdida neste calendario de prisioneiro. Non teño novas de nada, nin dos meus curmáns, nin dos meus amigos. Résúltame imposible escribirlles, e cada vez que pregunto cando poderei saír respóndenme:

- Pronto, se Alá o desexa.

Aquí, fóra do Ramadán, o calendario non serve para nada. ¿Estamos a luns o a sábado? Non ten importancia, un día é igual ó outro.

Dende a fiestra do meu cuarto só vexo unha parede de ladrillo, a mesma cá do xardín, non vexo nada do exterior e ninguén me ve a min.

Da noite á mañá, a radio converteuse na mellor amiga do meu pai aínda que tamén na súa teima e angustia. De súpeto parecíalle que a felicidade e o futuro da súa familia dependían dese aparello. Non podía deixar de miralo, peor aínda, deambulaba dun lado a outro coas mans ás costas. O meu pai esperaba a noticia liberadora. Para controlar os nervios refuxiábase durante longas horas na oración. Os xestos rituais e os versículos salmodiados calmaban a súa inquedanza.

A miña irmá Sarah parécese moito a miña nai, só a súa mirada é diferente, máis triste, doce... Non ten coñecido nada máis ao longo da súa curta vida. Faríame moi feliz poder axudar á miña irmá, pero é imposible. Sarah parece creer nas promesas do meu pai. Pero os meses pasan e a guerra non remata. Para min é evidente que a miña irmá tardará moito tempo en saír de aquí. Oín que na rúa non hai nin unha soa muller, xa non digamos nenas. A miña nai amósase máis prudente coas esperanzas, non parece moi convencida de que a paz chegue axiña.